

Terra

Diálogo social ou impostura?

O conselleiro de medio ambiente, Xosé Manuel Barreiro, que asumiu o cargo despois do cesamento de Carlos del Álamo a raíz da catástrofe do Prestige, ofreceu durante a súa comparecencia perante o pleno do Parlamento de Galicia do 5 de novembro diálogo ás forzas políticas da oposición e aos axentes sociais e económicos para atinxir un pacto polo medio ambiente da nosa terra.

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) sempre avogou polo diálogo e pola participación social como ferramentas necesarias para avanzarmos cara a sustentabilidade. Acreditamos na necesidade de amplos consensos sociais para abordar problemas como o dos incendios forestais, que debería ser tratado como un “asunto de Estado” e non ser utilizado con finalidade electoralista. Polo tanto, non podemos máis que nos felicitar polo ofrecemento de Xosé Manuel Barreiro e manifestarmos a nosa disposición a dialogarmos coa Xunta e co conxunto da sociedade na procura de melloras ambientais que incrementen a nosa calidade de vida.

Desexamos que o ofrecemento do conselleiro sexa sincero mais vémonos obrigados a dubidar da súa credibilidade. Xosé Manuel Barreiro, vicesecretario xeral do Partido Popular de Galicia e posíbel candidato á Presidencia da Xunta, sabe ben que é positivo para a carreira dun político amosar unha imaxe dialogante e que a realidade é, en realidade, a percepción da realidade. Dada a situación dos medios de comunicación en Galicia, maioritariamente instrumentalizados ou controlados desde San Caetano e sempre dispostos a actuaren como “botafumeiros” da Xunta, sabe que abonda con parecer dialogante, non é preciso selo, ou polo menos selo moito.



O conselleiro de medio ambiente, Xosé Manuel Barreiro, (no centro da foto) ten amosado pouca dispoñibilidade real para o diálogo social. Na foto asiste á toma de posesión de Emilio Gallego, novo director xeral de Augas de Galicia e Director Xeral de Obras Públicas cando se elaborou o Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa.

Na FEG ficamos sorprendidos co ofrecemento ao diálogo de Xosé Manuel Barreiro porque desde a súa toma de posesión aínda non conseguiu dispor de tempo para atender á nosa solicitude de entrevista, formulada en reiteradas ocasións. Será que non considera á FEG suficientemente representativa no mundo ambientalista galego?. Será que non somos un axente social? Será que descoñecemos o auténtico significado da palabra diálogo?

O conselleiro, no inicio do seu mandato, convocou a todas as organizacións inscritas no rexistro autonómico de asociacións ambientalistas para se presentar persoalmente e anunciou que as convocaría cada seis meses para coñecer mellor as súas críticas e propostas. Nada soubemos desas novas convocatorias. Da primeira deixaron constancia algúns medios que, por suposto, foron convocados polo activo gabinete de prensa da Consellería.

Temos algúns órganos consultivos nos que están presentes axentes sociais cuxa potenciación sería sinal dun novo talante.

Sen embargo, nada ten mudado co novo conselleiro de medio ambiente. O Consello Galego de Medio Ambiente carece de representatividade social e de pluralismo e é unha triste sombra do que debería ser se realmente se procurasen pactos sociais polo ambiente. No ano 2003 non houbo unha soa reunión do Observatorio Galego de Educación Ambiental e da Xunta de Goberno de Augas de Galicia, o Comité Galego de Pesca Fluvial, que se reúne unha soa vez ao ano, convócase cuns días de antelación, etc.

Os ofrecementos ao diálogo resultan pouco críbeis cando, despois de case un ano de xestión, constatamos como persiste o sentimento de infalibilidade e a ausencia de autocritica, menosprézanse os órganos existentes de diálogo e participación social, ignórase a solicitude de entrevista da FEG,... Oxalá nos equivocemos pero moito nos tememos que se trata dunha nova impostura,... como a de Carlos del Álamo, outro político na procura de titulares e de fotos que amosasen unha imaxe dialogante.

Editorial

O mellor e o peor

Indubidabelmente, o ano 2003 estivo marcado polo accidente do Prestige. A maior marea negra acontecida até hoxe en Europa causou unha enorme catástrofe ecolóxica cuxos efectos perdurarán nos próximos anos. Alén das consecuencias visíbeis, como a morte de entre 115.000 e 230.000 aves ou a xeración de 75.000 toneladas de residuos diversos mestrados con fuel (cuxo tratamento aínda non foi suficientemente esclarecido), cómpre ter presente os efectos invisíbeis, como a entrada de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAPs) nas cadeas alimenticias mariñas.

A realización ambientalmente inadecuada de grande parte dos labores de recolla do fuel, só denunciada desde o inicio polas asociacións ecoloxistas e por científicos, agravou notabelmente a catástrofe ecolóxica, poñendo de manifesto a aínda escasa valoración da riqueza natural das nosas costas por parte de institucións e de boa parte da sociedade. Aínda son moitos os que só ven nas dunas moreas de area, os que se poden abrir pistas por calquera lugar, os que cren que

a costa se pode limpar como unha cociña,...

A catástrofe do Prestige foi o peor do ano 2003 desde o punto de vista ambiental. Mais tamén tivo un lado positivo. A realización de 330.000 accións voluntarias para a recolla de fuel, 30.500 organizadas por asociacións ambientalistas galegas (sempre segundo as estatísticas da Consellaría do Voluntariado); a colaboración de miles de persoas na recolla e atención de aves e outros animais mariños petroleados e a extraordinaria capacidade de convocatoria e de iniciativa da Plataforma cidadá Nunca Máis, da que forma parte tamén a práctica totalidade do movemento ambientalista galego, amosaron unha forte conciencia social en defensa do mar e da costa fronte ás mareas negras, contribuíron a reducir o impacto da marea negra e arrincaron algunhas decisións políticas positivas que non se terían producido de non existir unha forte presión popular.

A catástrofe non acabou. A marea negra segue. Seguen pendentes moitas e impor-

tantes tarefas.. No 2004 por fin se debería extraer o fuel que aínda fica nos tanques do Prestige. Cómpre avanzar na aprobación e implementación de medidas que melloren a seguridade marítima e a resposta fronte a posíbeis (mais ben probábeis) novas mareas negras, como o establecemento dun réxime de responsabilidade ilimitada para toda a cadea involucrada no transporte de hidrocarburos, a creación dunha rede de infraestruturas con todos os medios necesarios para responder a unha marea negra ou a declaración de Área Mariña Especialmente Sensíbel (AMES) para a fachada atlántica europea.

Urxen emprender os labores de recuperación ambiental precisos que contrarresten os prexuízos provocados polas tarefas de limpeza: restauración de zonas dunares, eliminación de pistas de acceso e restauración ambiental do seu trazado,.... É fundamental unha maior investigación en aspectos relativos á afección dos fondos, entrada de contaminantes nas cadeas alimenticias mariñas ou ás repercusións do fuel nos recursos pesqueiros e marisqueiros.

Terra

Boletín



Federación Ecoloxista Galega.
Apdo. 949. 15780 Santiago.
Tel.: 981 575 444. • E-mail: feg@jet.es.
<http://web.jet.es/feg>

Subvencionado por:

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Coordenación: Comisión Permanente da FEG

Colaboraron neste número:

Asemblea do Suido, Juan Benaches, Xoán Inacio González, Antón Masa, Tino Quintela, Xosé Veiras.

Deseño, maquetación e impresión:



DL: C-1738-1998

• Impreso en papel reciclado

CATRÁSTROFE DO PRESTIGE

Queda moito por facer

XOSÉ VEIRAS GARCÍA



Foto: ADEGA

O 8 de xuño tivo lugar unha marcha de 5 quilómetros baixo o lema “En defensa do mar” entre o porto de Malpica e o cabo de Santo Adrián, convocada pola FEG, ADEGA, CEMMA, SGEA e SGHN. Unha das reivindicacións foi a ampliación do Parque Nacional das Illas Atlánticas ás Illas Sisargas.

Máis dun ano despois do accidente do Prestige, a catástrofe ecolóxica á que deu lugar segue. Non se pode dar por concluído o maior desastre ambiental sufrido até hoxe polas nosas costas. Os efectos mediaticamente máis impactantes, como os miles de aves petroleadas agonizando nun mar negro, ficaron atrás mais iso non significa que non haxa motivos para nos preocupar (particularmente no que atinxe aos efectos sobre a

pesca nos próximos anos) ou que os poderes públicos teñan feito xa a maior parte do traballo. Queda moito por facer. As principais organizacións de defensa ambiental galegas e españolas, entre elas a Federación Ecoloxista Galega (FEG), asinaron un documento de posición conxunto con motivo do primeiro aniversario da catástrofe do Prestige no que expoñen as súas demandas e fan un balanço da situación.

O “Posicionamento do movemento ecoloxista a 1 ano da catástrofe” foi asinado, ademais de pola FEG, pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), Amigos de la Tierra, Greenpeace, SEO/Birdlife e WWF/Adena. O documento consta de 16 apartados que abordan todos os aspectos relacionados coa catástrofe do Prestige.

Para os ecoloxistas, “a catástrofe do Prestige é o resultado dun modelo enerxético insostíbel no que a industria do petróleo opera a escala planetaria e minimizando custos como principal obxectivo, á custa dun elevado impacto ambiental. Exemplifica perfectamente os efectos máis perversos da globalización neoliberal sobre o medio ambiente”. O documento consta de 16 apartados que abordan todos os aspectos relacionados coa catástrofe do Prestige.

14.000 toneladas de fuel a 130 millas da nosa costa

Nos tanques do Prestige, afundido a 130 millas da costa e a uns 3.800 metros de profundidade, nunha zona de certo risco sísmico, están almacenadas aínda unhas 14.000 toneladas que supoñen unha ameaza real para a costa. A recuperación deste fuel, cuxa complexidade técnica é unha consecuencia máis do afastamento do barco, debería terse afrontado como un asunto da maior prioridade, co



Foto: Xacobe Meléndez

É necesario e urxente que se emprendan labores adecuados de recuperación ambiental que contrarresten os prexuízos provocados polas tarefas de limpeza. Praia de Arnela, en Fisterra.

obxectivo de completar a recuperación ao longo deste mesmo ano. Porén, até a primavera de 2004 non se comezará a extraer o fuel.

Que vai pasar coas 75.000 toneladas de residuos de fuel?

Unhas 75.000 Tm de fuel foron retiradas do mar e das costas, mestradas con algas, area, pedras, plásticos, etc. O acordo entre a Xunta e o Goberno Central prevé unicamente a separación dos materiais alleos ao fuel, plásticos en primei-

ro lugar, e area e auga despois, para obter o que se denomina un fuel “reciclado e disposto para a súa utilización”. No caso de se utilizar este fuel como combustible, ocasionaría unha importante contaminación atmosférica.

Estudos epidemiolóxicos rigorosos e públicos

Os estudos epidemiolóxicos sobre a poboación exposta ao fuel, traballadores e voluntarios que traballaron nas tarefas de limpeza e nos centros de rescate de fauna, deben facerse de forma rigorosa e implicar un seguemento a longo prazo. Os resultados destes estudos deberían facerse públicos.

A marea gris

Constatouse a apertura innecesaria de pistas de acceso, o emprego de maquinaria pesada en zonas fráxeis, a deterioración grave de zonas dunares con afeccións a especies de fauna e flora ameazadas, a alteración de coídos,... A utilización das máquinas hidrolimpadoras fíxose en moitos casos sen respectar o protocolo de actuación do propio Ministerio de Medio Ambiente, causando un impacto global importante nas comunidades supramareaais e intermareais. O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e outras zonas de alto valor ecolóxico propostas para formaren parte da Rede Natura 2000 (Monte e Lagoa de Louro, Carnota-Monte Pindo, Costa da Morte, Costa Ártabra,...) sufriron un importante impacto negativo adicional ao causado polas mareas negras, debido á execución ambientalmente ina-

decuada dos traballos de recolla do fuel.

Aínda que o Comisionado de Medio Ambiente para o Prestige tivo en conta algunhas consideracións para minimizar o impacto ambiental das tarefas de limpeza, os danos ao medio natural causados por estas desde o seu inicio son moi cuantiosos. É necesario e urxente que se emprendan labores de recuperación ambiental que contrarresten os prexuízos provocados polas tarefas de limpeza: restauración de zonas dunares, eliminación de pistas de acceso e restauración ambiental do seu trazado,

Sombras sobre a pesca e o marisqueo

Un ano após a catástrofe, rexistrouse unha diminución de individuos xuvenís de percebe e de mexillón, fenómeno que podería afectar tamén a outras especies e que fai prever problemas no recrutamento. Fondos someros, de grande importancia para a cría de moitas especies e vía de entrada de contaminantes na rede trófica, están aínda afectados polo fuel. A apertura da actividade extractiva foi en moitos casos precipitada, podendo pór en risco a boa recuperación dos recursos e o prestixio dos produtos galegos.

É fundamental unha maior investigación en aspectos relativos á afección dos fondos, entrada de contaminantes na rede trófica ou ás repercusións do fuel nos principais recursos. Cómpre establecer un sistema de seguemento dos cambios am-

Reservas mariñas para unha pesca sustentábel

As áreas mariñas protexidas resultan úteis para a xestión pesqueira porque implican unha protección das poboacións explotadas e unha mellora da xestión e explotación (facilidade de implantación e control, maior predictibilidade das capturas,...). Alén diso, facilitan a recuperación ambiental despois de catástrofes ecolóxicas como as provocadas polas mareas negras.

Os efectos positivos das reservas mariñas sobre a pesca teñen sido comprobados. Por exemplo, constatouse que os animais nas reservas son máis grandes e producen máis ovos e larvas. Estudos de marcado amosan movementos desde as reservas ás zonas de pesca e o incremento das capturas por unidade de esforzo comercial perto dos límites das reservas. Os stocks de moitas especies explotadas aumentan de 2 a 4 veces en 5 anos.

As únicas áreas mariñas de protección especial no noso país son as incluídas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.



Os álcidos, nomeadamente o arao (*Uria aalge*), representaron o 84% das aves petroleadas recollidas. O arao, xa nunha situación crítica como especie nidificante en Galicia antes da catástrofe do Prestige, está a piques de se extinguir.

bientais, de forma que se poidan detectar éstes e se adopten medidas correctoras de seren necesarias. É tamén preciso adaptar as regulacións relativas a seguridade alimentaria aos eventos de mareas negras.

Plan Galicia

O Plan Galicia, no caso de se aplicar na súa integridade, promovería un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente insostíbel e resultaría insuficiente para garantir a recuperación ambiental e socioeconómica das zonas máis afectadas pola marea negra e do conxunto de Galicia. O Plan Galicia, que destina o 96,7% do seu orzamento a infraestruturas de transporte, representa unha nova marea destrutora do medio ambiente, neste caso non de fuel senón de formigón e asfalto.

Cambios na política enerxética

As ONGs ambientalistas demandan unha política enerxética baseada no aforo, a eficiencia e as enerxías respectuosas co medio ambiente, como solución última aos impactos ambientais derivados do uso e transporte de combustíbeis fósiles a escala global. Proponen tamén unha política de transporte que potencie os modos de transporte máis eficientes e limite o uso do automóbil privado.

Responsabilidade ilimitada para as empresas

A catástrofe do Prestige é resultado do "barato" que resulta contaminar e do fácil que é obviar o risco para maximizar os beneficios económicos. Os ambientalistas reclaman un réxime de responsabilidade ilimitada para toda a cadea involucrada no transporte de hidrocarburos, desde o armador ao propietario da carga, incluíndo


As asociacións ecoloxistas galegas foron as organizacións sociais que organizaron a un maior número de voluntarios e voluntarias para a recolla de fuel. Segundo a Consellaría do Voluntariado, organizaron 30.500 accións voluntarias de recolla de fuel, case un 10% das totais.

do as aseguradoras e as sociedades de clasificación. Todo buque que transporte estas substancias debe estar en posesión dun seguro que cubra sen límite a contía dos danos ocasionados por un accidente. Estes custos deben incluír non só o impacto directo sobre os ecosistemas senón tamén os custos da súa recuperación.

Nova política de transporte marítimo

Eis algunhas das mudanzas necesarias: prohibición do transporte de hidrocarburos e substancias perigosas en xeral en buques de casco simple; creación dunha rede de infraestruturas con todos os medios necesarios para responder a unha marea negra; mellorar as inspeccións; a declaración de Áreas Mariñas Especialmente Sensíbeis (AMES).

Cómpre dar a benvida á proposta realizada por 6 Estados Membros da UE de declarar a fachada atlántica europea, incluíndo Galicia, como AMES por parte



da Organización Marítima Internacional (OMI), aínda que resulta preocupante a falta de medidas acompañantes para mellorar a seguridade marítima que fagan eficaz dita designación.

É fundamental que medidas como as promovidas por UE ou EEUU se traduzan en acordos internacionais porque senón o que acontecerá é que estes buques e industrias piratas irán operar ás rexións máis indefensas do planeta.

O IMPACTO SOBRE AS AVES MARIÑAS

Segundo un informe de SEO/ Birdlife, a marea negra do Prestige foi a segunda máis prexudicial para as aves mariñas das acontecidas até hoxe en Europa. Estímase que entre 115.000 e 230.000 aves mariñas resultaron afectadas. Das 23.181 aves recollidas, 6.100 aínda estaban vivas. O 10 % das recollidas vivas puideron ser salvadas nos centros de recuperación de fauna e devoltas á natureza, unha porcentaxe normal nestes casos.

O 53% das aves atopadas recolléronse na costa galega, a máis afectada pola marea negra e de grande importancia para a migración e inverno das aves mariñas. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) e varias asociacións integradas nela, alén doutras organizacións ambientalistas galegas (SGHN, CEMMA,...), desenvolveron un grande esforzo para a prospección da costa e a recolla de aves e outros animais petroleados, fornecendo un elevado volume de datos a SEO/ Birdlife para a elaboración do seu informe.



Foto: ADEGA

Máis dun ano despois da catástrofe aínda restan uns 200 puntos do litoral, en tramos rochosos de difícil acceso, con importante presenza de fuel.

Corrubedo: pasado, presente e futuro



Foto: ADEGA

A recuperación do espazo natural afectado polo verquido do Prestige segue sendo pendente. A web www.soscorrubedo.org trata a catástrofe do Prestige dentro do Parque Natural de Corrubedo

A reacción de propietarios de terreos no Parque non se fixo agardar. No comezo, os actos vandálicos estaban á orde do día: queima de postos de información, derrubo da sinalización periférica, etc. Mais aos poucos foise mitigando a raiba e as cousas tranquilizáronse.

CENAR xogou un papel fundamental na redacción do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural das Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e participou, até a súa disolución, na Xunta Consultiva do Parque, en representación das asociacións ambientalistas. Os membros da Xunta Consultiva soémonos reunir entre dúas e tres veces ó ano para discutirmos cuestións relacionadas co Parque e para achegarmos entre todos ideas e solucións ós problemas que van xurdindo.

Unha comisión da Xunta Consultiva está a traballar na redacción do Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX). Son poucos os Parques Naturais de Galicia que presentan PRUX e Corrubedo ten actualmente un borrador bastante avanzado. O PRODER está rematado desde non hai moito tempo e actualmente atópase en execución.

Un proxecto importante é a creación dun viveiro en colaboración co Depar-

tamento de Botánica da Universidade de Vigo. O obxectivo máis importante é mellorar o estado das poboacións de certas especies e reintroducir outras que existiron no pasado e que se extinguiron, como é o caso de *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*.

O Parque organiza desde hai tempo actividades dirixidas a escolares e a outros grupos organizados. O Centro de Interpretación do Ecosistema do Litoral de Galicia (CIELGA - Casa da Costa) recentemente ampliou a súa exposición e os horarios de apertura ó público, podendo agora ser visitado as fins de semana.

Outras actividades destacábeis que se desenvolven no Parque son o seguimento e a protección das parellas reproductoras de Pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), a recolla selectiva de lixo, censos de aves acuáticas, o seguimento da contaminación producida polo verquido do Prestige ou a recuperación dos camiños dunares polos que circularon os vehículos que interviron no operativo de limpeza e na construción dun dique na bocana da lagoa do Carregal.

Problemas de xestión

A contención da inxente cantidade de visitantes que durante o verán se ache-

A finais dos anos 80, o hoxe Parque Natural das Dunas de Corrubedo era obxecto de graves agresións: extracción masiva de area, tránsito incontrolado de todoterreos, etc. O Colectivo Ecoloxista e Naturalista "Raposo" (CENAR) de Ribeira, hoxe desaparecido, combatía esta penosa situación con denuncias, actividades de información e educación, unha sentada con pancarta para protestar contra as carreiras de cabalos sobre as dunas vexetadas,... A súa reivindicación para que fose creado un Parque Natural, respaldada por todo o movemento ecoloxista galego, fixose realidade desde xuño de 1992.

XOSÉ INACIO GONZÁLEZ MARTÍNEZ

(Foi membro de CENAR e representante das asociacións ecoloxistas na Xunta Consultiva do Parque Natural de Corrubedo)

gan ás praias é un reto para o Parque. Para isto estase a pensar na construción dun novo aparcamento fóra do Parque, xa que o actual desbórdase con facilidade. Tamén urxe a rápida valoración do estado de conservación da poboación reproductora de pernileiro (*Burhinus oedipnemus*). A Pillara das dunas viuse bastante afectada polo verquido do Prestige e semella que o número de parellas reproductoras reduciuse dun xeito importante.

Hai que agradecer enormemente o traballo nos anos previos e seguintes á declaración do Parque por persoas como Joan-ma Pérez ou Xoán Fontaiña que, xunto con outros membros de CENAR (Xiao, Moncho e Loli, Harguindey, Xurxo, Toñito "de Poi", Edu, Miguel, Andresiño, Bertijo, Dani, Gonzalito e moitos máis) mantiveron unha ilusión que máis tarde se faría realidade.

Cómpre embrar tamén o labor desempeñado con afán por Santi Gallego, compañeiro de batalla nos últimos tempos de CENAR. Sen el as cousas nunca volveron a ser iguais. Pero basta de palabras: o pernileiro segue a berrar coa lúa chea de febreiro, ¿escoitalo?

O complexo industrial de “ENCE-CAIXAGALICIA” en Lourizán declarado de “interese supramunicipal” pola Xunta

Antón Masa
(Presidente da APDR)

ENCE tenta instalar unha fábrica de papel tisú a carón do complexo industrial CELULOSAS-ELNOSA que, desde hai 40 anos, vén fabricando pasta de papel en Lourizán (Pontevedra), provocando enormes custos ambientais, sociais e económicos na comarca pontevedresa e favorecendo a eucaliptización dos montes. E, como fixeran hai 40 anos, tentan enganar coas mesmas mentiras e chantaxes: a “papeleira” non vai producir contaminación ambiental, vai traer máis empregos e riqueza, o porto de Marín e as infraestruturas viarias anexas non terían sentido sen a presenza do complexo na súa actual ubicación,...

A situación social hoxe na nosa bisbarra non é a mesma que, cando no franquismo, se montou a CELULOSA; daquela só as xentes que traballaban no banco marisqueiro de Lourizán opuxeron resistencia aos recheos e ás forzas armadas militares que fixeron posíbel a implantación da fedorenta fábrica. Porén, hoxe existe unha forte oposición ao complexo, organizada arredor da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR). Hoxe xa ninguén pode acreditar nas promesas de ENCE, porque hoxe CELULOSAS é unha fábrica condenada pola comisión dun “delicto ecolóxico continuado”; hoxe tamén, e a diferenza do pasado, existe un maior grao de concienciación ambiental e os gobernos da totalidade dos concellos que conforman a ría (coa excepción do alcalde “popular” de Sanxenxo) son contrarios á permanencia do complexo de ENCE na actual ubicación e, xa que logo, á pretendida instala-

ción da “papeleira” en Lourizán.

É precisamente pola oposición do goberno local de Pontevedra polo que a Xunta decidiu declarar a incidencia supramunicipal da futura fábrica de papel de ENCE e o do complexo no seu conxunto. E fixoo conculcando as súas propias leis, pois, por máis que se empeñe o goberno galego, este proxecto non pode ser considerado de interese público.

A instalación en Lourizán dunha fábrica de papel tisú consolidaría de xeito definitivo o actual complexo industrial de ENCE, un complexo que ten fixada a data de caducidade no ano 2018, no que vence a concesión de Costas na zona marítimo-terrestre. Esta consolidación e ampliación do complexo hipotecaría a recuperación da ría, a explotación racional dos recursos turísticos, pesqueiros e marisqueiros, e mesmo o desenvolvemento urbanístico de Pontevedra e Marín; ademais, faría medrar os proble-

mas de saúde e de perda de calidade de vida que xa hoxe son moi importantes na nosa bisbarra, pois elevaría os niveis de contaminación na nosa Ría tanto pola acción directa dos seus vertidos (formaldehído e molusquicidas entre outros) como pola acción sinérxica cos contaminantes xa existentes.

O xeito de actuar da Xunta supón un inaceptábel ataque aos dereitos democráticos da cidadanía ao pasar por riba do goberno municipal de Pontevedra e impedir que se cumpra a vontade da poboación da bisbarra, que maioritariamente exige a desaparición do complexo ENCE-ELNOSA da súa actual ubicación e a recuperación da zona para usos sociais alternativos.

Mais non contentos con saltarse toda a legalidade e os dereitos da cidadanía ao declarar a “incidencia supramunicipal” dos seus proxectos industriais, o grupo ENCE e o PP van alén e tentan consolidar “de por vida” a súa presenza na enseada de Lourizán. Tentan así evitar a caducidade da concesión, solicitando do Ministerio de Medio Ambiente a “desafectación dos terreos”, é dicir, que deixen de estar afectados pola “Lei de Costas”. Aducen para iso que os terreos que hoxe ocupa o complexo son irrecuperábeis e xa non teñen interese como terreos de uso público. Todo un ataque á intelixencia baseado nun suposto “informe científico” asinado por Felipe Macías (ver número 3 de Terra)

A empresa está a recoñecer abertamente a comisión dun novo delicto ecolóxico na degradación destes terreos, e o incumprimento expreso da licenza de erradicación, que establece a obrigatoriedade de, chegado o momento da caducidade da concesión, “devoltar á situación anterior os terreos ocupados”.

Resulta sorprendente, en calquera caso, que o Ministerio de Medio Ambiente poida acceder ás pretensións do grupo empresarial, pois sería tanto como recoñecer que neste país se prima a aqueles que destrúen o noso medio; sería establecer unha práctica mafiosa pola que unha empresa pode conseguir uns terreos de utilidade pública para o seu uso exclusivo sempre que previamente os degrade de xeito irrecuperábel.

BOICOT A “CAIXAGALICIA” E “COLHOGAR”

Desde que foi privatizada, ENCE pasou ás mans dun grupo bancario no que “CaixaGalicia” é o principal socio. CaixaGalicia, lonxe de tentar arranxar a situación ambiental da comarca pontevedresa promovendo o traslado do complexo industrial, tenta montar ao carón da fábrica de pasta outra de “papel tisú”, que non só consolidaría o actual complexo, senón que faría medrar a contaminación e os danos á saúde e á calidade de vida na zona.

No proxecto da papeleira de papel “tisú” participan a multinacional americana “Georgia Pacific” (que no estado español comercializa as marcas “Colhogar” e “Demak-Up”) cun 60%, ENCE cun 30% e a Xunta co 10% restante.

Fronte a esta nova agresión, desde a APDR chamamos ao conxunto da cidadanía galega a expresar o seu rexeitamento a esta situación. Neste sentido, **chamamos á cidadanía a non traballar con “Caixa Galicia” e a non mercar produtos “Colhogar” nen “Demak-Up”**

QUE OS TEUS CARTOS NON AXUDEN A DESTRUÍR A RÍA DE PONTEVEDRA!

O Suído, a serra esquecida

ASEMBLEA DO SUIDO

A serra do Suído é unha das nosas serra máis valiosas. Foi incluída na proposta da Federación Ecoloxista Galega (FEG) para a ampliación da rede Natura 2000. A proliferación de pistas, os cultivos forestais con especies alóctonas, os lumes, as pedreiras, os proxectos de minicentraís, encoros e parques eólicos, xunto co proxecto da autovía Pontevedra-A Caniza son as ameazas que poñen en perigo o seu patrimonio ambiental.

O Suído é un mastodonte de pedra durmido, eternamente prostrado na parte meridional da dorsal montañosa que limita o occidente e o oriente de Galiza. É unha serra vella e erosionada, o seu solo áchase entre os máis antigos da terra, orixinado hai uns 200 millóns de anos. A súa natureza granítica maniféstase en cada ollada dirixida ao seu territorio, na forma de cotos rochosos, penedos, bolos,...

Polo xeral, a feitura do Suído é suave e sinuosa, cheo de pequenos cotos e chairas, para rematar perto dos seus lindeiros, en gorxas e canóns por onde baixan encaixados os ríos. A súa situación achegada ao oceano, con varios cotos que superan os 1.000 metros de altitude, actúa como barreira bioclimática natural, reducindo a influencia atlántica cara ao interior, producindo á súa vez unhas precipitacións anuais moi altas. Así, dos seus cumes nacen moitos regatos e ríos, como o Valdohome, o Oitavén, o Verdugo ou o Avia, amais de fontes e turbeiras —“porcas preñadas”— que abundan na serra, e axudan a manter durante todo o ano o pasto verde.

A nosa pegada.

Mais non sempre foi como agora o coñecemos: antano as fragas gabeaban polos vales fluviais e as ladeiras até os seus altos, para permanecer logo nas súas chans; hoxe, vense relegadas soamente a pequenas manchas arbóreas nas partes baixas, aínda que quedan algunhas considerábeis como a de Pigarzos. O lume e a deforestación mudaron a súa faciana paulatinamente, ao ritmo do fomento secular das prácticas agrogandeiras na serra. A paisaxe configurada ao noso antollo fala da nosa presenza, ao igual que os sinais do pasado, como os acubillos paleolíticos da chan de Valdohome e do coto Miñoto, as mámoas da chan das Mesas, as inscricións da

Idade do Bronce, os castros de Piñeiro, San Vicente,..., os camiños comerciais medievais, etc.

A modelaxe da paisaxe pola acción humana para obter pasteiros, lonxe de significar unha perda de biodiversidade, contribuíu a espallar hábitats novos, mentres que conservaba outros, como as poulas de uceiras, as brañas, as fragas de carballos e cerquiños, os bosques aluviais, os pasteiros, os rochedos silíceos,..., que conforman a esencia do Suído: a riqueza ecolóxica da serra depende, en boa medida, da transformación realizada pola práctica gandeira tradicional.

O patrimonio etnográfico legado pola cultura gandeira é excepcional. Na primeira metade do século pasado, aínda existía o sistema tradicional de roldas, mediante o que se regulaban as quendas veciñais nas aldeas, para pastorear na serra o gando vacún nas épocas de estío: polo xeral dous veciños quedaban a cargo do gando na serra por dúas noites; pasaban a noite nunhas senlleiras construcións, os “chozos”, de posíbel datación no século XII. Ao carón dos chozos, están os cortellos ou parideiras, cercados por curralas, onde se gardaban os xatos.

Anexos a esta arquitectura, aparecen os foxos do lobo, construcións compostas por dous valos de pedra dispostos en forma de funil que aproveitan vagoas, para rematar

nun foxo circular, onde era abatido o predador.

O Pardellas

Na Graña, o lobo é o Pardellas, alcume utilizado para evitar nomear o animal directamente, porque así poderían atraelo. Na actualidade perviven na serra cinco núcleos familiares, polo que se converte nunha das zonas de maior densidade lobeira da Península e de Europa.

Suído tamén é o nome que recibe cada un dos mamíferos artiodáctilos, como o porco bravo, ao que non é difícil observar no lugar. As chairas e rochedos constitúen hábitats idóneos para moitas aves de rapina, como a aguiá albela, o miñato abelleiro, a rapina cincenta, a tartaraña común e o falcón peregrino. O bufo real atopa o seu fogar na serra e as citas de águas reais e voitres leonados, non son raras. Outras aves como o picanzo vermello, o pedreiro cincento, o merlo rubio, ou a choia biquivermella, conviven no Suído.

Os máis vellos lembran como mataban a paos ao “gato das orellas. A derradeira cita fiábel do lince en Galiza e no Suído ten máis de cen anos. Os únicos félidos que topan abeiro na serra son o gato bravo e a algaria.



A aguiá albela, os piornos, o lobo e os chozos, configuran a paisaxe senlleira do Suído.

Foto: Asemblea do Suído

Cachoeira: unha asociación en defensa dos ríos

JUAN BENACHES

A “Asociación para a defensa dos ríos - Cachoeira” púxose en marcha no ano 95 da man dun grupo de amigos afeccionados ao deporte de augas bravas. Galicia, “o país dos mil ríos”, estaba a se converter nun punto de referencia para a práctica deste deporte grazas ás características inigualábeis dos seus ríos e á súa orografía. Ao longo dos seus case dez anos de existencia, Cachoeira (fervenza) participou en numerosas actividades en defensa do patrimonio ambiental dos ríos galegos.

Foi a práctica do deporte de augas bravas, a posibilidade de achegárganos a paraxes dunha enorme fermosura e a recunchos pouco accesibles dos ríos, o que nos permitiu percatármolos da situación de precariedade e perigo pola que pasaban algúns dos nosos ríos e mailos seus ecosistemas.

O nome da asociación, Cachoeira, sinónimo de ferverza ou de cachón, é como se lle chama ás pesqueiras no Río Miño, punto fundamental de unión para os socios.

O obxectivo da asociación foi “a defensa dos ríos do noso país é especialmente a loita contra as minicentrais hidroeléctricas”. Non tiñamos no momento da nosa creación unha concepción real da magnitude da empresa a que nos enfrontabamos. Só logo de pasado o tempo descubrimos o complexo entramado de favoritismos caciquís, cartos e desvergoña política que están detrás das minicentrais. Ademais tiñamos que lle explicar á xente que unha “enerxía limpa” que esta-

ba (e está) en boca de todos os políticos, na prensa e na televisión non era tal.


Pouco a pouco a asociación foi aportando o seu granción de area na loita, algunhas entrevistas nos periódicos e na radio, charlas, presenza nas manifestacións, etc.... Os primeiros movementos fixéronse en contra do grande encoro de Sela, no río tramo galego-portugués do río Miño, proxecto que a presión social evitou. Máis ou menos cedo pasamos a formar parte da Federación Ecoloxista Galega (FEG) e posteriormente da Coordinadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER).

Como é de todos coñecido, a case totalidade dos ríos de Galicia están afectados por obras hidráulicas de maior ou menor importancia no seu curso. Isto significaba para Cachoeira un espazo de traballo dificilmente abrangüible ¿como acceder e informar a moita xente cos nosos recursos? A resposta foi **www.cachoeira.org**, espazo web no que se reivindica o cumprimento das normativas vixentes de

protección dos ríos así como a súa melloira e se pretende concienciar sobre a importancia dos ríos na nosa vida. Na páxina podense atopar, ó visítala, un listado de encoros e minicentrais de Galicia, alegacións, descrições dalgúns ríos, traballos, etc... Esta páxina deunos moitas alegrías e púxonos en contacto con moita xente.



Cachoeira tamén formou parte da Coordinadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER), que agrupa a organizacións ambientalistas, veciñais, de pescadores, empresas de turismo activo, sindicatos, etc. Precisamente a recomendábel web de Cachoeira (www.cachoeira.org) ten funcionado en certo senso como web de COGADER.



Cachoeira creou e mantén a web da campaña internacional en defensa dos ríos galegos “Sobran wátios. Faltan ríos vivos. Sobran presas” (www.rios-vivos.org). Cachoeira é unha das organizacións promotoras da campaña, na que tamén participa a FEG como tal.

Oureol ou o eterno retorno

TINO QUINTELA



Oureol ten organizado numerosas actividades no campo da formación e educación ambiental: xornadas, cursos, conferencias, obradoiros, plantacións de árbores,...
Actor: Tino Quintela

Dos primeiros tempos de Oureol, envoltos pola mítica néboa do tempo, chégannos novas de diversas actividades no eido da educación ambiental (charlas e plantacións de árbores con escolares), cursos e campañas que, como a de recolla selectiva de papel pretendían inserir no mundo universitario valores e prácticas ambientalmente correctas, etc... sen esquecermonos da participación na Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia (AGENG).

Dende a súa creación organizou un elevado número de cursos: Agroecoloxía, O monte en Galicia, Ornitoloxía, Incendios forestais, Cetáceos, Enerxía e Educación..., coa idea de achegar novas ideas e puntos de vista e de fomentar un debate plural nun lugar (a Facultade de Bioloxía de Santiago) onde ás veces a transmisión de coñecementos tornaba en transmisión de dogmas.

Oureol tamén serviu coma lugar de unión de persoas con inquietudes semellantes, de xeito que del naceron un grupo fotográfico, un colectivo roteirista ou o Grupo de Observación Arroás (GOA), que vén colaborando a diversos niveis coa Coordinadora para o Estudo


dos Mamíferos Mariños (CEMMA).

Poderíamos considerar a Oureol coma un grupo atípico: non cobra cuotas (!), non hai rexistro de soci@s, e a súa situación, dentro da universidade, fai que estea composto por unha dóce mestura de persoas de procedencias diversas, tanto do noso país coma doutros lugares do Estado español.

A ligazón ao mundo universitario determina unha dicotomía fortaleza/febleza no grupo. Por unha banda, a nosa “deslocación” dilúe unha visión localista dos problemas ambientais e a súa resolución, de xeito que Oureol ten volcado moita da súa actividade cara a FEG (cant@s mamamos dese espírito), ben na xeración de campañas (coma a de “O lixo, á terra”) ou ben coma fonte de “cadros” (Xosé Luís Baleato, Calixto, Camilo Ojea, Lucía Méndez...). Por outra banda, temos a eterna creación/destrución que sofre Oureol co paso do tempo; persoas super-valiosas, participativas, positivas (ben, un amor de persoas, non podería deixar de nomealas: Ana, Baleo, Benito, Calixto, Camilo, Marta, Mela, Mónica, Raquel, Susana, Teresa...) van marchando a medida que rematan os seus estudos de xeito que vivimos nun eterno

A comezos dos 90 naceu na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago a asociación Obradoiro Ambiental Oureol. Desde aquela ten desenvolvido múltiples actividades: organización de cursos, programación de roteiros, plantacións de árbores, fomento da recolla selectiva de papel, observación de mamíferos mariños,... Ademais ten participado de forma destacada no traballo primeiro da Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas e despois da Federación Ecoloxista Galega

retorno Nietzscheniano, onde etapas de actividade vanse alternando con épocas onde a pervivencia do grupo periga nun ciclo que (agardemos) nunca terá fin. Porque mentres exista a FEG, haberá (como mínimo) un anarca de Oureol que crea nela.



Oureol participou no ámbito da Universidade de Santiago nunha das primeiras campañas desenvolvidas en Galicia de recolla de papel usado e fomento do uso do papel reciclado

Xosé Manuel Barreiro non quere que as propostas dos plans INFOGA se debatan no Consello de Medio Ambiente

Xosé Manuel Barreiro, conselleiro de medio ambiente e presidente do Consello Galego de Medio Ambiente (CGMA), non aceptou a recomendación de José Ramón Vázquez Sandes, Valedor do Pobo, para que as propostas anuais de planos INFOGA de loita contra os lumes forestais sexan sometidas á consideración do CGMA.

Esta recomendación ten a súa orixe nunha queixa presentada pola FEG, ADEGA e a SGHN e os sindicatos CIG, CCOO e UGT na que se denunciaba o incumprimento do decreto que regula o CGMA e en particular a negativa da Con-

sellería de Medio Ambiente ao tratamento das propostas dos plans anuais INFOGA.

O Valedor sinala que, ao ser unha das funcións deste Consello a de “coñecer e informar sobre os proxectos e plans ambientais de carácter xeral que, sendo de ámbito autonómico, teñan unha singular relevancia”, non se xustifica a negativa gubernamental a debater os planos INFOGA. Perante o non da Consellería do Ambiente, o Valedor incluíu unha mención do asunto no seu Informe anual dirixido ao Parlamento, “ó considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se conseguiu”.

A FEG a prol da certificación forestal FSC

A certificación forestal independente e esixente é un importante instrumento para potenciar a xestión ecoloxicamente sostíbel dos montes. A través dela, o/a consumidor/a pode identificar no mercado aqueles produtos que foron extraídos de masas forestais xestionadas responsablemente tanto en aspectos ambientais como sociais, e o produtor pode mostrar á sociedade o seu compromiso social e ambiental.

Cómpre termos claro que non todos os sistemas de certificación forestal son iguais. Neste senso, diversas organizacións ecoloxistas, de axuda ao desenvolvemento e sindicais (entre as que figuran a Federación Ecoloxista Galega, WWF/ Adena, Greenpeace, Coordinadora de ONGs para el Desarrollo ou CCOO) asinan un documento no que se informa sobre as carencias identificadas no sistema de certificación PEFC (Pan European Forest Certification). O documento pódese ler no apartado de documentos da web da FEG (web.jet.es/feg).

A xuízo da FEG, o selo de certificación

PEFC non garante unha xestión forestal encamiñada cara a sustentabilidade pois: non é mundialmente aplicábel, non se basea no cumprimento duns mínimos comúns que engloben os aspectos ecolóxicos e sociais básicos da xestión forestal e os seus procesos de participación nin son transparentes nin garanten o equilibrio de intereses sociais, económicos e ambientais.



A Consellería de Medio Ambiente esquecese da Estratexia Galega de Educación Ambiental

O Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA) non mantivo ningunha reunión de traballo desde a súa constitución o 29 de outubro do 2002. A FEG denunciou perante o Valedor do Pobo este feito, o que deu lugar a unha recomendación do Valedor á Consellería de Medio Ambiente para que cumpra o decreto que regula o Observatorio e convoque polo menos unha reunión ordinaria cada seis meses.

A función principal do OGEA é o seguemento e avaliación permanentes do estado da educación ambiental no noso país baseándose nas recomendacións contidas na Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), así como propor novas iniciativas que conduzan aos obxectivos marcados.

A FEG considera que a Consellería de Medio Ambiente esqueceu e incumpriu notabelmente a súa propia Estratexia de Educación Ambiental, da que debería ser a principal impulsora. O desinterese por convocar o OGEA é unha proba máis diso, como o é tamén a non convocatoria das Xornadas Galegas de Educación Ambiental desde 1999 ou de axudas para a realización de actividades de educación ambiental desde o ano 2001.

Que non te confundan! O selo que mellor garante unha xestión sostíbel dos montes é o FSC.

Os arrastreiros esquilman o mar

Oceana, unha organización ecoloxista internacional para a defensa do mar, solicitou ao Presidente da Xunta “un plano para eliminar o impacto negativo dos arrastreiros”. Galicia conserva máis de 400 arrastreiros “que están poñendo en perigo o futuro de miles de pescadores que utilizan métodos máis selectivos e apropiados”. O arrastre de fondo, “alén de sobreexplotar os stocks, produce elevadas capturas de espécimes inmaduros, provoca una grande mortalidade noutras especies non obxectivo e destrúe os fondos mariños, con especial incidencia nas zonas de reprodución e alevinaxe”.

“O rape, a cigala, a platixa e, especialmente, o bacallau e a pescada áchanse -segundo os datos dos científicos do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES)- en serio risco, podendo colapsarse nos próximos anos, co cal os danos para os pescadores serán desastrosos. Coa redución de capturas e a creación de novas zonas de protección onde as especies poidan recuperarse e verse fóra do alcance dos arrastreiros, abríriase a posibilidade de camiñar cara a unha pesca de futuro”, declarou Xavier Pastor, biólogo pesqueiro, director de Oceana para Europa e ex-director executivo de Greenpeace España.

Oceana demanda “un plano de eliminación da frota arrastreira que, para o 2007, supoña unha redución do 50% do uso desta arte por parte da frota galega”, a creación de 10 novas reservas mariñas para a protección dos recursos pesqueiros, “a posta en marcha dun plano para eliminar a captura, desembarco e comercialización de pescada ilegal” e “a persecución das empresas galegas involucradas en pesqueiras ilegais, non autorizadas e non controladas, como contribución á total desaparición da pesca pirata”. “Nos últimos dous anos detectáronse uns 26 buques pesqueiros de capital galego realizando pesca ilegal en augas do Hemisferio Sur”.

150.000 persoas volveron encher Santiago do berro Nunca Máis




A Plataforma Nunca Máis (www.plataformanuncamais.org), da que forman parte as principais organizacións ambientalistas galegas, considerou unha grande mostra de apoio e respaldo social a mobilización do 16 de novembro que reuniu a máis de 150.000 persoas na cidade de Santiago de Compostela e que ateigou a praza do Obradoiro. Un ano despois da catástrofe do Prestige, a sociedade galega volveu amosar a súa forza.

Nun comunicado, a Plataforma sinalou que “365 días de incompetencia despois, os gobernos continuaron a calumniar a Nunca Máis, utilizando guerra

suxa, tentando desmobilizar á sociedade galega para a manifestación do 16 de novembro; despois dun ano de campaña de criminalización contra a Plataforma cidadá Nunca Máis; despois deste ano, se lles quedara algo de vergonza, algo de dignidade, admitirían e asumirían as

súas responsabilidades en toda a xestión desde o naufraxio do Prestige e demitirían, seguindo a vontade da cidadanía galega que voltou berrar que non quere este goberno, que voltou berrar demisión e voltou berrar que Galiza non se vende, que o Plan Galiza é unha inxustiza, e que desde logo os galegos e galegas que saímos a rua non imos aturar esta situación, que nos voltaremos mobilizar, que teñen Nunca Máis para moito tempo, e que a súa soberbia, a súa prepotencia e o seu diñeiro nen nos dan medo nen nos poden comprar. A dignidade de Galiza non ten prezo”.

ADEGA-Cadernos sobre pesca e litoral



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) editou dous números das súas monografías ADEGA-Cadernos dedicadas ao mundo do mar. O número 9 está dedicado á xestión da pesca mentres que o 10 trata do medio ambiente litoral. Máis información na web de ADEGA (www.adegagaliza.org).

A FEG asiste ao encontro estatal de "Amantes do Lixo"

Do 21 ao 23 de novembro tiveron lugar en Barcelona, organizados por Ecologistes en Acción Catalunya, os XVIII Encontros Estatais de Amantes do Lixo. Cada celebración de "Amantes" supón un foro aberto onde diferentes colectivos (grupos recuperadores de lixo, ecoloxistas, plataformas veciñais, sindicatos, asociacións de consumidores e, nalgún caso, persoal da Administración) intercambian información, ideas e propostas alternativas en torno ao lixo.


Nesta edición realizouse unha mesa redonda onde se amosaron diferentes experiencias en recolla selectiva "porta a porta" que se comezan a implantar en municipios cataláns. Houbo tamén unha visita guiada para coñecer o funcionamento da Mancomunitat "La Plana", na bisbarra de Osona. Esta mancomunidade posúe un plano de xestión de residuos que, sen elevados investimentos en tecnoloxía e fomentando iniciativas sociais ao redor dos residuos, atinxe niveis de recuperación total de lixo entre o 60 e o 70% (SOGAMA aproveita menos do 10% dos residuos, considerando a incineración coma un tratamento de non-recuperación).

Como resumo das conclusións finais desta edición de "Amantes", salientamos:

- A necesidade de establecer medidas que reduzan a produción de residuos (a redución, esa grande esquecida no plano galego de xestión do lixo!!).
- A recolla selectiva "porta a porta" promove (no caso de que exista vontade política para que funcione) elevados niveis de recuperación de residuos.
- A demanda aos concellos para que promovan, dende as súas competencias, medidas que promovan a redución e recuperación do lixo. A xestión dos residuos, debido á súa importancia cara á sustentabilidade, non debe ser instrumentalizada coma "bomba" política (lembramos asuntos coma a empacadora de

Vigo, o plano do Morrazo ou o recente bugallazo en Compostela).

- A viabilidade da compostaxe domiciliar, podendo aplicar en agricultura e xardinería o compost resultante.
- A necesidade de eliminar a incineración de residuos e de establecer impostos sobre os tratamentos finalistas (incineración e vertedoiro), empregando os cartos obtidos en planos de prevención da produción de lixo.



Canal Verde

A FEG xestiona o Canal Verde, un canal de noticias ambientais na Internet que forma parte do xornal electrónico "Galicia Hoxe" de Vieiros e que inclúe unha axenda e suxestións de ciberactivismo. Visítalo en

www.vieiros.com

Os ambientalistas portugueses premian a FEG

As asociacións membros da Confederação Portuguesa das Associações de Defesa do Ambiente (CPADA), a organización ambientalista do país veciño máis representativa, no marco da edición de 2003 do Premio Nacional de Ambiente "Fernando Pereira", decidiron conceder unha mención honrosa á FEG polo traballo en diferentes ámbitos desenvolvido pola FEG e polas asociacións que a integran fronte á catástrofe do Prestige.

A FEG estivo representada no encontro das asociacións de defensa do ambiente organizado pola CPADA (www.cpada.org), celebrado en Lisboa

do 28 ao 30 de novembro. Participou nunha sesión dedicada á catástrofe do Prestige, expondo o traballo e a visión do movemento ecoloxista galego.

Por outro lado, o Fórum de Amizade Galiza-Portugal e un grupo de organizacións ambientalistas portuguesas (Amenus, Quercus-Braga e Vento Norte) promoveron entre agosto e novembro diversas actividades en Braga, Caminha, Famalicão, Póvoa de Lanhoso e outras localidades do norte de Portugal sobre o Prestige. A FEG e ADEGA, en nome da Plataforma Nunca Máis, axudaron na realización destas actividades.

Para cando unha Estratexia Galega de Loita contra o Cambio Climático?



Pór fin ao uso do carbón para a produción de electricidade é unha das principais medidas para loitar contra o cambio climático. As centrais térmicas de carbón de As Pontes e Meirama son grandes "fábricas de cambio climático".

Son moitos os científicos que achan que a vaga de calor que sufriu Galicia e Europa no verán de 2003 é moi preocupante na medida en que podería significar que o cambio climático inducido pola especie humana está acontecendo de xeito aínda máis rápido e forte do que se esperaba. Galicia tamén é responsábel e vítima do cambio climático, polo que a FEG volveu reclamar da Xunta a implementación dunha Estratexia de Loita contra o Cambio Climático que procure unha redución progresiva das emisións de gases causantes do cambio climático e prevea medidas de adaptación.

Galicia, como o conxunto de España, incumpre o Protocolo de Quioto. Segundo un estudo de CCOO, as emisións de gases de efecto invernadoiro aumentaron xa o dobre do permitido até o 2010. O sector enerxético e o transporte son responsábeis de nada menos que o 84% das emisións galegas de gases causantes do cambio climático global. As centrais térmicas de carbón de As Pontes (ENDESA)

e Meirama (UNIÓN FENOSA) son os principais focos emisores.

A FEG demanda medidas como, por exemplo, a promoción intensa do aforro e da mellora da eficiencia na produción e consumo de enerxía, o peche programado das centrais térmicas de carbón, o desenvolvemento racional das enerxías renovábeis ou a promoción dos modos de transporte ambientalmente menos prexudiciais en detrimento do automóbil privado, do avión e do tren de alta velocidade estrita (350 km/h).

Galicia carece dunha Estratexia de Loita Contra o Cambio Climático que estableza medidas por sectores para atinxir obxectivos concretos de redución das emisións, con prazos e orzamento. Até hoxe, a Consellería de Medio Ambiente limitouse a elaborar un documento (unha presentación en Power Point) xuntando accións illadas e de alcance moi limitado desenvolvidas polo Centro de Desenvolvemento Sostíbel da Consellería de Medio Ambiente e polo Instituto Enerxético de Galicia.

Compostaxe, porque sobran os motivos

A FEG organizou o 14 de decembro un Día da compostaxe en diversas localidades galegas. A FEG defende a compostaxe porque se trata dun método de tratamento dos residuos urbanos que permite converter a materia orgánica do lixo en abono, alén de ser máis barata e menos contaminante cá incineración.

A FEG criticou a decisión do Concello de Santiago, cos votos de PSOE e PP, de se sumar ao sistema de SOGAMA, despois dun proceso con nula participación dos colectivos sociais.



ADEGA, Oureol e a SGHN desenvolveron unha campaña en Santiago a prol da compostaxe. Porén, o Concello rexeitou a opción de tratar o lixo na planta de compostaxe de Lousame, a diferenza do que farán Porto do Son, Muros, Noia, Brión, Lousame, Carnota e Rois.

Ecobreves

♣ A FEG, a iniciativa da **Asemblea do Suído**, presentou alegacións contrarias ao **Parque Eólico de Fonteavía**, promovido pola empresa Eurovento, S.A. e que afecta á **Serra do Suído**, dentro do territorio dos municipios da Lama, Covelo, Fornelos de Montes e Avión. Este parque eólico degradaría un dos principais espazos de media montaña da nosa terra, cuns valores naturais e patrimoniais excepcionais. A FEG propuxo no seu día que a Serra do Suído fose incluída na proposta galega para a Rede Natura 2000, o que non foi aceptado pola Xunta, como tampouco o ten sido a solicitude de exclusión das zonas de maior valor ecolóxico como zonas aptas para a construción de parques eólicos.

♣ Diversas organizacións ecoloxistas, entre elas a **FEG**, **ADEGA** e a **SGHN**, enviaron cartas ao presidente do Parlamento Europeo, ao presidente da Comisión Europea e aos comisarios de Política Rexional e de Medio Ambiente para lles transmitir a súa seria preocupación polo **impacto ambiental do Plan Galicia**. Os ambientalistas chaman a atención en particular sobre os danos ambientais en Lugares de Interese Comunitario (LICs) propostos para formaren parte da Rede Natura 2000 ao abeiro da "Directiva Hábitats".

♣ A FEG valorou positivamente o **cesamento de Francisco García-Bobadilla Prósper como Director Xeral de Conservación da Natureza**, despois de ter pedido a súa dimisión. Bobadilla, interesado só pola caza e a pesca, non fixo practicamente nada pola conservación dos espazos naturais e da fauna e a flora desde que fora nomeado por Carlos del Álamo.

♣ A **Consellería de Medio Ambiente** adoptou un **programa de axudas á gandería por ataques do lobo** que supón un avance importante cara á xestión adecuada das poboacións de lobo. As axudas concédense se o gando afectado polos ataques do lobo está saneado e as explotacións están en réxime semi-extensivo. Outro requisito é que o lugar no que se produza o ataque estea cercado ou protexido dalgún xeito tal que permita o control do gando.

♣ **Coto do Frade** e a **FEG** organizaron en Ribadavia unhas xornadas sobre os incendios forestais e a xestión dos montes. No decurso das xornadas púidose ver a exposición fotográfica sobre os lumes forestais "O monte é vida. O lume é morte" do **Comité de Defensa do Monte Galego** (www.adegagaliza.org/comitemonte/index.html), do que forma

parte a FEG e outras organizacións ambientalistas (**ADEGA**, **Amigos da Terra**, **SGHN**), sindicais (**CCOO**, **CIG**), de comunidades de montes (**Organización Galega de Comunidades de Montes**) e políticas (**BNG**, **EU-IU**)

♣ Comezaron as obras da **vía rápida do Morrazo**, unha estrada innecesaria que contribuirá a fomentar aínda en maior medida o transporte por estrada e que está a causar un enorme impacto negativo sobre o patrimonio natural e cultural da comarca do Morrazo. Na excelente web da **Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo** (www.morrazo.org) acharás información sobre os custos ecolóxicos e sociais da vía rápida e sobre as alternativas formuladas pola Plataforma desde unha óptica de transporte sustentábel.

♣ A **Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril Público** (www.trenpublico.org) avoga polo mantemento do ferrocarril como servizo público de titularidade pública e defende un ferrocarril de calidade, accesíbel e asequíbel, que potencie decididamente o transporte de mercadorías e que sexa respectuoso co medio ambiente. Un modelo de ferrocarril incompatíbel co tren de alta velocidade estrita (350 km/h).

Lido

Nos estudos empíricos sobre as relacións entre infraestruturas e desenvolvemento económico a atención tense centrado fundamentalmente naquelas directamente máis productivas e moi especialmente as ligadas ao transporte. Sen embargo, os intentos de cuantificar os seus efectos non ofrecen resultados tan claros e concluíntes como cabería esperar.(...). Moitos estudos econométricos encontran unha reducida ou nula relación entre o investimento neste tipo de infraestruturas e o ritmo de crecemento económico.(...). Curiosamente o que moitos deses estudos poñen de manifesto é unha relación moito máis clara entre o investimento en infraestrutura social (capital público social: educación, sanidade, etc) e o crecemento económico.

XAVIER VENCE

Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago.
Tempos (Revista mensual de información para o debate)

A usurpación das palabras, o imperio do cinismo devólvenos, é verdade, á prehistoria. Temos que recuperar a linguaxe. Falemos de seguridade, si. De seguridade medioambiental. De seguridade alimentaria. De seguridade sanitaria. Unha seguridade que ampare en primeiro lugar aos máis débiles. Fronte á industria do medo, da inseguridade, hai que reconstruír o mapa dos afectos, unha onda de nova cidadanía baseada na información veraz, na participación e na solidariedade.

MANUEL RIVAS. El Periódico de Catalunya

Lembranza de Matías Rodríguez

Desde as páxinas do Terra lembramos a Matías Rodríguez, compañeiro de Colectivo Ecoloxista para a Defensa da Natureza (**CEDENAT**) de Lugo que vén de falecer. Matías, co seu traballo e coa súa amizade, fixo unha aportación moi valiosa á coordinadora ecoloxista galega, tanto na etapa en que se chamaba Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza (**AGENG**) como nos comezos da etapa co nome actual de FEG. O seu compromiso solidario por un mundo xusto e sustentábel tamén se fixo efectivo na militancia noutras organizacións, como Veterinarios sen Fronteiras ou a Coordinadora Galega de ONGDs. Gracias por todo Matías.

O Común dos Veciños

“O Común dos Veciños” é a revista informativa da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM), unha organización independente e progresista que agrupa a comunidades de montes veciñais en man común de toda Galicia e que ten unha visión do que debe ser a política forestal e a xestión do monte próxima á do movemento ecoloxista.

A Organización de Comunidades de Montes organizou dúas edicións do Congreso Galego de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común para debater sobre todos os aspectos relacionados cos montes veciñais. As conclusións e relatorios do segundo pódense ler na súa web (www.orgacmm.org), na que tamén se recolle o contido da revista “O Común dos Veciños”.

Os montes veciñais galegos, de propiedade privada colectiva, constitúen unha interesante singularidade no contexto europeo. Na actualidade existen unhas 2.800 comunidades de montes. A finais do século XIX os montes veciñais ocupaban a maior parte da superficie do país. Hoxe, a superficie total de monte veciñal é dunhas 600.000 hectáreas, o que supón 1/3 da superficie das terras a monte. Os montes veciñais sitúanse principalmente no sur do país: nas zonas montañosas de Ourense e sur de Lugo e por case toda a provincia de Pontevedra. Pola súa forma de propiedade e pola súa extensión (son os “latifundios” do monte galego) os montes veciñais ofrecen condicións particularmente favorábeis para unha posíbel xestión sostíbel.



Axúdanos a defender a Natureza!

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) é unha organización independente das administracións, de empresas e de partidos políticos. A FEG e as asociacións que a forman desenvolven na nosa terra numerosas actividades en defensa do ambiente e do desenvolvemento sustentábel.

O traballo das organizacións ecoloxistas galegas é útil e necesario. Coa túa axuda conseguiremos máis resultados e poderemos preservar a nosa independencia. Se queres colaborar coa FEG, contacta connosco escribindo ao apartado de correos 949 de Santiago de Compostela ou, por correo electrónico, enviando unha mensaxe a feg@jet.es.

A Federación Ecoloxista está formada polas seguintes asociacións:

ADEGA. Apdo. 501. 15780 Santiago

ADENCO. Apdo.132. 36860 Pontearreas

ANIDA. Apdo. 35. 36540 Silleda

APDR. Apdo. 414. Pontevedra

Asemblea do Suído. Travesía de Vigo, 2.
36872 O Covelo

CEDENAT. Apdo. 512. 27080 Lugo

Cempés. Apdo. 2158. 15080 A Coruña

CES. Apdo. 100. 36980 O Grove

Coto do frade. Apartado 32. 32400 Ribadavia

A Curuxa. IB Xelmírez I. 15706 Santiago

O Galo de Antioquía. Casa Rectoral de San
Pedro de Lardo. 32630 Xinzo.

Guerrilleiros das fragas. Apdo. 41.

15320 As Pontes

Luita Verde. Apdo.155. 36940 Cangas

MEL. A Carballal. Congostro. 32654 Rairiz de
Veiga

Néboa. Rúa Muchiqueira, 24. A Mourela.
15579 Neda

Niño do Azor. Avda. da Habana, 40. Baixo.
15320 As Pontes

Oureol. Fac. de Bioloxía. 15706 Santiago.

PX. Outeiro, 50. Ponte do Porto. 15121 Camariñas

Sobreira. Apdo. 185. 36500 Lalín

XEVALE. Apdo. 35. Chantada.